

BASES DA II GALA DO DEPORTE MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTES

Co obxecto de agradecer e recoñecer o labor deportivo de persoas, organismos, institucións públicas e entidades privadas que contribúen de forma notoria ao fomento e promoción da práctica deportiva no noso Concello, queremos celebrar a II Gala do Deporte do Concello de Outes.

Esta Gala nace do orgullo que sentimos dende Outes polo labor que fan desinteresadamente algunhas persoas e institucións, así como o exemplo das persoas que fan do deporte unha forma de vida, conseguindo non só facer exercicio físico, senón tamén poñer en alza os valores do traballo, constancia, sacrificio, organización e sociabilidade que, sen dúbida, os acompañarán durante toda a súa vida.

Os premios da II Gala do Deporte Municipal do Concello de Outes rexeranse polas seguintes bases:

ARTIGO 1.- OBXECTO

O obxectivo principal deste acto é recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación, a entrega e, en definitiva, os valores que o deporte supón.

ARTIGO 2.- REQUISITOS

As persoas candidatas ás 4 primeiras categorías deberán estar empadroadas en Outes dende o ano anterior á gala. O resto, deberán cumprir polo menos un dos seguintes requisitos, no caso de optar a algún dos recoñecementos:

- 1) Pertencer a equipos do Concello ou que proceda dos equipos de base de Outes.
- 2) Clubs ou entidades deportivas que desenvolvan ás súas actividades en Outes.
- 3) Persoas físicas ou xurídicas que, dalgunha forma, estean vinculadas á información, promoción e fomento do deporte no Concello de Outes.
- 4) Ser nativo/a de Outes e que, por circunstancias excepcionais, non teña realizado deporte en Outes, pero que a xuízo da Comisión Técnica Deportiva, poida ser nomeado a algún dos premios.

ARTIGO 3.- RECOÑECEMENTOS

- 1) **Mellor “Deportista outense 2024”** (masculino e feminino) Poderán concorrer á convocatoria aqueles/as deportistas que, a título individual, destacaran polos seus logros, éxitos ou triunfos deportivos durante o ano en vigor ou tempada anterior, segundo modelo de competición.
- 2) **Mellor “Deportista promesa outense”** (masculino e feminino, menor de 16 anos) Poderán concorrer á convocatoria aqueles/as deportistas que, a título individual, destacaran polos seus logros, éxitos ou triunfos deportivos durante o ano en vigor ou tempada anterior, segundo modelo de competición. Nesta categoría concorrerán aqueles/as deportistas que, no ano actual, sexan menores de 16 anos.



- 3) **Mellor “Adestrador/a”**.- Poderán concorrer a esta convocatoria calquera técnico/a que forme parte de calquera entidade deportiva do noso Concello ou aqueles que, sendo naturais de Outes estean facendo o seu labor noutros concellos na tempada anterior ou ano en curso, segundo a competición.
- 4) **Mellor “Equipo outense dunha entidade deportiva”**. Concorrerán a este premio aqueles equipos formados polo menos por 2 deportistas, xogando en equipo e que destacasen polos seus logros durante o presente ano ou tempada anterior, segundo a competición.
- 5) **Mellor “Club, asociación, ou entidade deportiva”** .- Concorrerán a esta categoría aquelas entidades que desenvolvan a súa actividade no noso Concello e primará, sobre todo, nesta categoría o labor feito cos nenos e nenas de idades máis pequenas, e o fomento do deporte feminino ou adaptado.
- 6) **Premio ao “Patrocinio e colaboración co deporte”**. Nesta categoría valoraranse aquelas entidades públicas ou privadas que estean legalmente constituídas, domiciliadas no noso Concello ou que, estando noutros municipios, patrocinen e/ou apoien dalgunha forma os equipos, clubs ou escolas deportivas de Outes.
- 7) **Premio ao mellor “Evento do ano”**.- Nesta categoría valorarase o evento realizado no noso Concello, organizado ou non por entidades deportivas propias, que realcen o deporte outense e leven a imaxe de Outes mais alá do, simplemente, deportivo.
- 8) **“Mencións especiais”**.- A Comisión Técnica Deportiva poderá outorgar para unha ou varias persoas ou entidades que, aínda non sendo deportistas, estean ou estivesen relacionadas co deporte de Outes, a través dalgún club ou que promoveisen, dalgunha forma, Outes a través do deporte.

ARTIGO 4. CANDIDATURAS

Calquera club, institución ou asociación, outras entidades e a propia veciñanza poderán propoñer nas 7 primeiras categorías os nomes que considerasen oportunos, cun máximo de 2 candidaturas por categoría, debidamente documentados en canto a méritos contraídos. Todas as propostas deberán presentarse debidamente argumentadas nos impresos ANEXO I, co maior número de datos posibles dos logros acadados na tempada anterior ou ano natural, segundo a competición.

A Comisión Técnica formada, cando menos por 3 representantes das organizacións deportivas do noso municipio e polas persoas representantes do Concello de Outes, nomeará no apartado de mencións especiais, a quen crean axeitado, sempre xustificando os méritos ou labores deportivos.

Esta Comisión Técnica designará entre todas as candidaturas as 3 finalistas a cada unha das categorías. Así mesmo, resérvase o dereito de suprimir, modificar ou ampliar as distintas categorías ou premios, como tamén se pode solicitar acreditación ou xustificación dos logros acadados na tempada correspondente.



As CANDIDATURAS deberán presentarse dentro dos prazos previstos, segundo a convocatoria. Toda candidatura asumirá as normas de participación e aceptará o proceso e veredicto final do xurado.

A Comisión Técnica Deportiva do Concello de Outes faralle unha proposta final ao xurado, cribando con anterioridade todas as peticións ou solicitudes feitas nas distintas categorías.

* Toda candidatura que resultase gañadora, non poderá ser presentada na mesma categoría na que resultou premiada, na seguinte edición da Gala do Deporte.

ARTIGO 5. O XURADO

O xurado desta segunda edición da “Gala do deporte municipal de Outes” estará composto por :

Presidente/a: As persoas que ostenten os postos da Alcaldía ou da Concellaría de Deportes.

Secretario/a: 1 Técnico/a deportivo/a municipal

Vogais: 1 membro de Protección Civil de Outes

1 Suplente

ARTIGO 6. CALENDARIO

Presentación da Gala.- 29 de outubro

Data de recepción de candidaturas : Dende o 1 ata o 22 de novembro, presentadas na dirección de correo electrónico deportes@outes.gal ou dando rexistro de entrada, ben sexa de forma presencial ou electrónica, no Concello de Outes.

Reunión da comisión técnica: 3 de decembro.

Farase pública a lista dos/as aspirantes na semana seguinte á decisión da comisión técnica.

Data de reunión do xurado. A semana anterior á Gala.

Celebración da Gala do Deporte: Venres, 20 de decembro 2024 ás 20:30 h.

ARTIGO 7. MADRIÑA ou PADRIÑO DA GALA

Esta gala tentará ter unha madriña ou padriño, que será un/unha deportista de renome a nivel local, provincial, autonómico ou nacional/internacional, que lle dea notoriedade e que sirva de exemplo para todas as persoas deportistas do noso Concello.



